



MU

# Manual de usuario ACIOS

Contabilidade vitivinícola

Elaborado por Amtega



CONTROL DE VERSIÓNS E DISTRIBUCIÓN			
<b>NOME DO DOCUMENTO:</b>	ACIOS_MU_ADEGA_v01.03	<b>VERSIÓN:</b>	01.03
<b>COD. DO DOCUMENTO:</b>	ACIOS_MU_ADEGA		
<b>ELABORADO POR:</b>	Amtega	<b>DATA:</b>	28/10/2020
<b>VALIDADO POR:</b>	Amtega	<b>DATA:</b>	
<b>APROBADO POR:</b>	Amtega	<b>DATA:</b>	

REXISTRO DE CAMBIOS		
Versión	Causa da nova versión	Data de aprobación
01.00	Elaboración inicial do documento adaptado ás Bodegas e Consellos Reguladores	
01.01	Revisión e actualización completa das funcionalidades	19/02/2020
01.02	Cambios por cambio de nome da aplicación	07/04/2020
01.03	Funcionalidade contratos	28/10/2020

LISTA DE DISTRIBUCIÓN (opcional)		
Nome	Número de copia	Área/Centro/Localización

**CLÁUSULA DE CONFIDENCIALIDADE**

Este documento é propiedade da Amtega (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia). Deberá empregar este material exclusivamente para os servizos que foron acordados coa Amtega e que requiren necesariamente da súa utilización. Está prohibida a reprodución parcial ou total, por calquera medio ou método, dos contidos deste documento para calquera outro uso non acordado coa Amtega.



## Índice

1.INTRODUCCIÓN.....	5
2.PRESENTACIÓN DO SISTEMA.....	6
2.1.Requisitos de Hardware e software.....	6
3.FUNCIONALIDADES DO SISTEMA.....	7
3.1.Acceso á aplicacións.....	7
3.2.Deseño da interface de usuario.....	8
3.2.1.Menú superior.....	8
3.2.2.Zona de traballo.....	9
3.3.Principais funcionalidades.....	11
3.3.1.Embotelladores por encargo.....	11
3.3.1.1.Menú de embotelladores para usuarios BODEGA.....	11
3.3.1.2.Novo embotellador.....	11
3.3.1.3.Listar embotelladores.....	12
3.3.2.Provedores.....	14
3.3.2.1.Perfil Bodega.....	14
3.3.2.2.Perfiles Regulador.....	17
3.3.2.3.Xestión de parcelas.....	18
3.3.2.4.Xestión de contratos.....	19
3.3.2.4.1.Contrato uva vinificación.....	20
3.3.2.4.2.Xustificante compravenda de produtos.....	21
3.3.2.4.3.Informe de produción dos provedores.....	22
3.3.3.Libros de rexistro.....	23
3.3.3.1.Levanza dos libros de rexistro.....	23
3.3.3.1.1.Asentos contables de libros de entrada e saída.....	24
3.3.3.1.2.Asentos contables de libros de embotellado.....	28
3.3.3.1.3.Asentos contables de libros de prácticas enolóxicas.....	31
3.3.3.1.4.Asentos contables no libro de movementos de produtos para procesos de elaboración de prácticas enolóxicas.....	33
3.3.3.1.5.Asentos contables no libro de espumosos.....	35
3.3.3.1.6.Variedades/porcentaxes para os asentos.....	37
3.3.3.1.7.Asentos contables de libros de procesos de elaboración.....	38
3.3.3.1.8.Borrar Asentos.....	44
3.3.4.Balances.....	45
3.3.4.1.1.Balance dos libros de entradas e saídas.....	46
3.3.4.1.2.Balance dos libros de rexistro de embotellados.....	47
3.3.4.1.3.Balance dos libros de movementos de produtos para procesos de elaboración de prácticas enolóxicas.....	49
3.3.4.1.4.Balance dos libros de prácticas enolóxicas.....	50
3.3.4.1.5.Balance dos libros de procesos de elaboración.....	51
3.3.4.1.6.Balance dos libros de procesos de elaboración.....	52
3.3.4.1.7.Balance dos libros de elaboración de espumosos.....	53
3.3.5.Xestión de Plantas de usuarios.....	54
3.3.6.Importación de asentos.....	55
3.3.7.Xestión de erros.....	57
3.3.8.Xestión de avisos.....	58
3.3.8.1.Alertas.....	59
3.3.8.2.Mensaxes.....	59
3.3.9.Informes INFOVI.....	60
3.3.9.1.Xerar un informe.....	60
3.3.9.2.Sobrescribir un informe.....	61
3.3.9.3.Editar un informe.....	62
3.3.9.4.Exportar un informe a formato XML.....	63
3.3.10.Informes SILICIE/AEAT.....	64
3.3.10.1.Datos informe SILICIE.....	65
4.FAQ'S DO SISTEMA.....	67



5.LISTAXE DE MENSAXES DE ERRO.....	68
6.ANEXO I: GLOSARIO DE TERMOS.....	69



## 1. INTRODUCCIÓN

Neste manual descríbense as funcionalidades do sistema de xestión para o Rexistro de Contabilidade Vitivinícola.



## 2. PRESENTACIÓN DO SISTEMA

A aplicación ACIOS dará soporte ás seguintes necesidades:

- Estrutura da organización vitivinícola
- Rexistro nos libros da contabilidade vitivinícola
- Presentación periódica das declaracións aos organismos reguladores.
- Elaborar balances dos libros de rexistro para un período concreto
- Xestionar os provedores de produción para presentar as declaracións de produción

### 2.1. Requisitos de Hardware e software

Para poder empregar a aplicación ACIOS os usuarios deberán facer uso dun equipo que dispoña de conexión a Internet e dispoñer dun equipo que teña unha versión actualizada dos seguintes navegadores web:

- Google Chrome (recomendado, versión 31 ou superior)
- Mozilla Firefox (recomendado, versión 24 ou superior)
- Internet Explorer (8 ou superior)

### 2.2. Perfís de usuario

O usuario da aplicación poderá ter distintos perfís, a continuación defínense cada un deles.

- **REGULADORES:** perfil para os usuarios funcionais da aplicación dos Consellos Reguladores das Denominacións de Orixe
- **BODEGA:** perfil para os usuarios funcionais que traballan nas plantas dos operadores Vitivinícolas. Inclúe tanto a usuarios da propia planta como usuarios de entidades colaboradoras do operador (xestorías, asesorías, ...).

## 3. FUNCIONALIDADES DO SISTEMA

### 3.1. Acceso á aplicacións

Para acceder á aplicación debemos introducir no navegador web a dirección de acceso (<https://acios.xunta.gal/acios>).

Usarase o usuario de Chave365 ou certificado dixital para acceder á aplicación

Haberá 2 formas de entrar, unha para os usuario internos, é dicir, administradores da aplicación, xestores de FOGGA, AGACAL... co seu nome de usuario e contrasinal (1)

Os usuarios de tipo *Regulador e Bodega* usarán o seu usuario de *Chave365*, entrando no formulario do recadro 2.




The screenshot shows the login interface of the ACIOS system. At the top, there is a navigation bar with the text "SEDE ELECTRÓNICA" and "XUNTA DE GALICIA". Below this, there are several menu items: "Trámites", "A sede", "Para quen?", "Axuda", and "A miña sede". The main content area is titled "Escollo o método de identificación" and features two primary login options:

- Chave365:** This option includes a form with fields for "NIF" and "Clave", an "Entrar" button, and links for "Alta con certificado" and "Más información".
- Certificado Electrónico:** This option features the "dni electrónico" logo, the text "CERTIFICADO DIXITAL", a button for "Identificarse con certificado ou DNI-e", and a link to "Consultar os certificados admitidos".

At the bottom of the page, there is a toggle switch and the text "Acceder como persoa autorizada".

## 3.2. Deseño da interface de usuario



1. Logo coa versión da aplicación. Premendo nel volvemos ó índice.
2. Listado de plantas do usuario, amosa a planta de traballo
3. Menú superior. Utilidades básicas sobre a aplicación.
4. Menú lateral cos módulos de traballo da aplicación.
5. Miga de pan.
6. Mensaxes sen ler para o usuario.
7. Zona de traballo, indica a planta de traballo.

### 3.2.1. Menú superior

A aplicación consta dun menú superior en todas as pantallas da aplicación, onde podemos atopar, a continuación do Logo da Aplicación diferentes funcionalidades.



1. Cambia entre os modos de visualización do Menú de Operacións. Ampliando a zona de traballo ou non, segundo sexa necesario.
2. Listado de plantas de traballo, amosa por defecto a planta na que se está traballando e para a que se introducirán os asentos.
3. Mensaxes: indica o número de mensaxes que temos por ler e permite acceder á lista de mensaxes.
4. Axuda: Permite a descarga do manual de usuario e as FAQ da aplicación.
5. A aplicación está dispoñible para os idiomas Galego e Castelán (predefinido). Para a selección do idioma debe premer na icona e seleccionar a linguaxe desexada.

6. Visualizase a información do usuario autenticado. Permitindo a maiores as funcións de O meu espazo e contactar sobre o propio usuario.
7. Desconexión: permite pechar a sesión, saíndo da aplicación, e dirixíndonos de novo cara a pantalla inicial de autenticación.

### 3.2.2. Zona de traballo

Nesta sección visualizarase o contido principal da aplicación, dependendo da sección na que nos atopemos.

Na zona de traballo podemos atopar unha serie de elementos comúns da interface de usuario que a continuación se describen.



- **Crear:** este botón pode atoparse ao final dun formulario para crear un novo elemento, ou na parte superior da vista para redirixir a unha pantalla nova para aí engadir o elemento.



- **Atrás:** botón para volver á vista anterior.



- **Editar:** botón para editar o elemento seleccionado.



- **Cancelar:** cancelamos a edición que estamos realizando.

Dentro do menú de accións temos os seguintes elementos:



- **Editar:** A opción do lapis, amosa a pantalla de detalle do rexistro escollido, para visualizar e/ou editar os datos.



- **Visualizar:** A opción ver, amosa a pantalla de detalle do rexistro escollido, permitindo unicamente a visualización dos datos.



- **Eliminar:** Elimina o rexistro seleccionado.


## 3.3. Principais funcionalidades

### 3.3.1. Embotelladores por encargo

A través desta opción os usuarios con perfil de tipo BODEGA, poden acceder á xestión de embotelladores. Neste apartado, sempre que se faga mención a un embotellador, farase referencia a operadores que realizan un embotellado por encargo para unha bodega.

#### 3.3.1.1. Menú de embotelladores para usuarios BODEGA

Se o usuario conta con un perfil BODEGA aparecerán as seguintes entradas no menú de “Embotelladores”:



#### 3.3.1.2. Novo embotellador

Se o usuario ten un perfil BODEGA poderá acceder á opción “Novo embotellador” dende o menú “Embotelladores”. Ao premer sobre esta entrada de menú, mostrarase unha vista onde se poden introducir os datos para crear un novo embotellador:



Unha vez introducidos os datos do embotellador, se pulsamos sobre o botón “Crear”, recargarase a vista cos datos que acabamos de introducir as subvistas asociadas a dito embotellador, a *dirección* e o *contacto*.

Dirección Contacto

Contacto

Nome e apelidos	Teléfono fixo	Teléfono móvil
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Fax	Correo electrónico	Páxina web
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>

[Crear](#)

No caso de que o proceso de creación do embotellador fose exitoso, aparecerá unha mensaxe de confirmación na parte superior da pantalla . No caso de que se producise algún tipo de erro ou que algún dos datos introducidos non fose válido, aparecerá unha mensaxe na parte superior indicando a causa do erro.

Embotellador

[CONFIGURACIÓN](#) [XESTIÓN DE EMBOTELLADORES](#) [EDITAR EMBOTELLADOR](#)

Embotellador

 A operación realizouse correctamente

NIF *	Nome ou razón social *	Apelidos
<input type="text" value="92161404J"/>	<input type="text" value="Andres"/>	<input type="text" value="Burgos"/>

[Atrás](#) [Editar](#)

Dirección Contacto

Dirección

Tipo vía *	Nome vía *	Número
<input type="text" value="Selecciona"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Bloque	Piso	Porta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Localidade	Provincia *	Concello *
<input type="text"/>	<input type="text" value="Selecciona"/>	<input type="text" value="Selecciona"/>

[Crear](#)

### 3.3.1.3. Listar embotelladores

Premendo sobre a opción “Lista embotelladores” do menú “Embotelladores”, accederemos a unha vista co listado de embotelladores creados. Esta vista vai estar dispoñible para os usuarios de tipo BODEGA. Aparecerá unha icona en forma de lapis en cada unha das filas da táboa e outra icona en forma de cruz para editar e eliminar respectivamente.

Un usuario REGULADOR poderá visualizar os embotelladores das bodegas da súa denominación de calidade.



## Xestión de embotelladores

CONFIGURACIÓN > XESTIÓN DE EMBOTELLADORES

### Lista de embotelladores

NIF  Nome ou razón social  Apellidos  [Crear](#)


[Limpar](#) [Buscar](#)

NIF	Nome ou razón social	Apellidos	Editar	Borrar
03677376K	YUUU	YUUUUUP	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
10682021Q	zx	zx	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
23584463X	as	as	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
43446754F	Manolo	Burgos	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
46345913Q	q456	qw	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
46945771B	YUUP	López	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
52717576N	cv		<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
59306450F	Manuel	López	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
64971951X	bn	bn	<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>
73569793S	Manolo		<a href="#">✎</a>	<a href="#">✖</a>

Mostrando 1 ao 10 de 13 resultados 1 2 >

### 3.3.2. Provedores

Accederase a través do menú lateral Provedores > Xestión



#### 3.3.2.1. Perfil Bodega.

O usuario con perfil bodega poderá crear, editar e eliminar provedores.

**Xestión de provedores**

PROVEDORES > XESTIÓN

Filtro de provedores

Nif  Nome ou razón social  Primeiro apelido

Segundo apelido  Natureza física

1

Lista de provedores

2  3

Nif	Nome ou razón social	Primeiro apelido	Segundo apelido	Natureza física	Editar	Borrar
03677376K	James	Facundo	Pérez	Cooperativa		
62798048K	Manolo	García	Prieto	Cooperativa		
75055572V	Andrés	Lorenzo	Díaz	Outras		
97956790C	Pablo	Varela	López	SAT		

Mostrando 1 ao 4 de 4 resultados

1

1. Filtros para facilitar a busca.
2. Listado de provedores asociados á planta actual. Ademais da visualización dalgún dos datos do provedor nas columnas “Editar” e “Borrar” atoparemos dúas iconas:



Permite acceder á pantalla de edición dos datos persoais, de dirección e de contacto.

**Provedor**

[PROVEDORES](#) > [XESTIÓN](#) > [EDITAR PROVEDOR](#)

---

**Provedor**

Nif *	Nome ou razón social *	Primeiro apelido
<input type="text" value="Z4213688R"/>	<input type="text" value="James"/>	<input type="text" value="Facundo"/>
Segundo apelido	Natureza física *	
<input type="text" value="Pérez"/>	<input type="text" value="Cooperativa"/>	

[← Atrás](#) [✎ Editar](#)

---

**Dirección**      Contacto      Parcelas

---

**Dirección**

Tipo vía *	Nome vía *	Número
<input type="text" value="AUTOESTRADA"/>	<input type="text" value="Rosalia de Castro"/>	<input type="text"/>
Bloque	Piso	Porta
<input type="text"/>	<input type="text"/>	<input type="text"/>
Código postal		
<input type="text"/>		
Localidade	Provincia *	Concello *
<input type="text"/>	<input type="text" value="A Coruña"/>	<input type="text" value="Arteixo"/>

[✎ Editar](#)



Borra o provedor e a súa relación coa planta actual. Pide confirmación a través dunha pop-up.

**Borrar provedor** ✕

---

¿Desexa borrar o provedor 03677376K ?

---

[BORRAR](#) [CANCELAR](#)

3. Acceso á vista de creación de provedor. Ao premer sobre este botón aparece un formulario para poder cubrir os datos persoais do provedor, da súa dirección e do seu contacto:

Provedor

🏠 > CONFIGURACIÓN > XESTIÓN DE PROVEDORES > NOVO PROVEDOR

Provedor

NIF \*  Nome ou razón social \*  Primeiro apelido

Segundo apelido  Naturaleza física \*

**Dirección**

Tipo vía \*  Nome vía \*  Número

Bloque  Piso  Porta  Código postal

Localidade  Provincia \*  Concello \*

**Contacto**

Nome e apelidos  Teléfono fixo  Teléfono mobil

Fax  Correo electrónico  Páxina web

[← Atrás](#) [➔ Crear](#)

Unha vez introducidos os datos do provedor, se pulsamos sobre o botón “Crear”, cargarase a vista cos datos que acabamos de introducir e as subvistas asociadas a dito provedor, a *dirección* e o *contacto*.

Se se introduce un NIF que xa pertenza a un provedor gardado no sistema (e asociado á planta actual) encheranse automaticamente os campos cos valores dese provedor. Neste caso o campo bloquearase e a funcionalidade da pantalla xa non será a de creación, senón que servirá agora para editar os datos dese provedor.

No caso de que se producise algún tipo de erro ou que algún dos datos introducidos non fose válido, aparecerá unha mensaxe na parte superior indicando a causa do erro.

 Débesse seleccionar o tipo da vía

### 3.3.2.2. Perfíles Regulador.

Este perfil non ten a posibilidade de crear/editar/eliminar pero si de visualizar un listado de provedores que varia en función do perfil. Amosaranse os provedores asociados a plantas que teñan a denominación de calidade que xestiona o usuario.

**Xestión de provedores**

PROVEDORES > XESTIÓN

---

**Filtro de provedores**

---

**Lista de provedores**

Nif	Nome ou razón social	Primeiro apelido	Segundo apelido	Naturaleza física	Planta	Ver
03677376K	James	Facundo	Pérez	Cooperativa	Planta proba asientos, Rúa das Hedras, O Milladoiro, Ames	
62798048K	Manolo	García	Prieto	Cooperativa	Planta proba asientos, Rúa das Hedras, O Milladoiro, Ames	
75055572V	Andrés	Lorenzo	Díaz	Outras	Planta proba asientos, Rúa das Hedras, O Milladoiro, Ames	
97956790C	Pablo	Varela	López	SAT	Planta proba asientos, Rúa das Hedras, O Milladoiro, Ames	

Mostrando 1 ao 4 de 4 resultados
< 1 >

Para estes perfíles temos ademais unha nova columna que nos indica a planta coa que está asociado o provedor así como un novo filtro que nos permite buscar por planta.

Premendo na icona do ollo ábrese a vista cos datos ampliados sen permitir a súa edición.

**Provedor**

PROVEDORES > XESTIÓN > EDITAR PROVEDOR

---

**Provedor**

---


Dirección
Contacto

---


**Dirección**

### 3.3.2.3. Xestión de parcelas

Unha vez creado o provedor na vista de edición temos a posibilidade de asignarlle parcelas dende a pestana “Parcelas” .



1. Referencia SigPac da nosa parcela
2. Acceso á edición dos datos da parcela
3. Eliminar a relación do provedor con esa parcela
4. Acceso á creación dunha nova parcela. Móstrase un formulario:
  - O campo “Asignado a” recórdanos a que provedor lle estamos asignando a parcela (non editable)
  - Número referencia SigPac: códigos correspondentes á parcela. Permite comprobar o código no visor unha vez introducido
  - Outros datos de identificación (ex: paraxe)
  - Datos de produción
  - Listado de variedades:




Descrición	Borrar
Albariño	x
Lado	x

### 3.3.2.4. Xestión de contratos

A funcionalidade de contratos estará accesible dende o detalle dun provedor.

#### Provedor

Nif *	Nome ou razón social *	Primeiro apelido
<input type="text" value="63710253T"/>	<input type="text" value="222"/>	<input type="text" value="1"/>
Segundo apelido	Natureza física *	
<input type="text" value="3"/>	<input type="text" value="Cooperativa"/>	

[← Atrás](#)
[✎ Editar](#)

Dirección
Contacto
Parcelas
1
Contratos e declaracións

#### Lista contratos

4
[+ Crear](#)

2

Número contrato	Campañas	Tipo contrato
<input type="text"/>	<input type="text" value="Escolla algun"/>	<input type="text" value="Selecciona"/>

[🧼 Limpar](#)
[🔍 Buscar](#)

Campañas	Tipo de contrato	Número contrato	Clonar	Editar	Borrar
2022-2023	Contrato Uva Vinificación	223232			
2021-2022, 2022-2023	Contrato Uva Vinificación	5457461651CA			

3

1.- Pestana que da acceso ao listado de contratos

2.- Filtros que facilitan a busca dos contratos

3.- Listado de contratos. Cada fila terá 3 accesos a clonar, editar e borrar o contrato. O botón de clonar abrirá unha modal que permitirá seleccionar a campaña e o número de contrato (o resto de datos manteranse)

4.- Botón para engadir un contrato. Desprega os tipos de contratos dispoñibles:


[+ Crear](#)

- Contrato homologado de uva vinificación
- Declaración de Producción: Provedores
- Xustificante de compra-venda de produtos

### 3.3.2.4.1. Contrato uva vinificación

A vista da creación/edición dun contrato de uva de vinificación consta de varios despregables que conteñen o formulario dos datos.

#### Datos contrato uva vinificación



1.- Datos básicos: datos necesarios para identificar o contrato

2.- Intervenientes: Partes que interveñen no contrato (cada parte pode ter o seu representante, se marcamos o check de representante deberemos cubrir datos a maiores)

3.- Variedad-Parcela: Lista onde se seleccionan as variedades e a súa parcela que formarán parte do acordo. As variedades dispoñibles para os contratos dependerán das parcelas e as variedades que teñamos asignadas ao noso proveedor. Para cada relación variedade-parcela poderemos seleccionar unha serie de datos, ademais de complementos do prezo base. Actualmente están dispoñibles os complementos para os conceptos 'Transporte', 'Figura de calidade validación por colleita' e 'Outro' (neste último teremos que especificar a natureza do concepto)

4.- Estipulaciones: Datos relativos a condicións do produto, prezo, pago, transporte...

5.- Botón que xera e descarga o contrato (o contrato deberá gardarse previamente)

6.- Botón que garda os datos do contrato

#### **3.3.2.4.2. Xustificante compravenda de produtos**

Estará dispoñible un enlace ao procedemento correspondente da Sede Electrónica, así como un botón que descargará o Anexo correspondente no noso equipo.

#### **3.3.2.4.3. Informe de produción dos provedores**

Estará dispoñible un enlace ao procedemento correspondente da Sede Electrónica


### 3.3.3. Libros de rexistro

#### 3.3.3.1. Levanza dos libros de rexistro.

Segundo o tipo de perfil do usuario, dende o menú de Libros de rexistro, na sección de xestión, pódese acceder ao listaxe dos libros de rexistros dispoñibles das diferentes plantas existentes, de forma que:

- Perfil **REGULADOR**: poderá visualizar os asentos de todas as plantas do seu CRDO (denominación de calidade).
- Usuario con perfil **BODEGA**: poderá visualizar os asentos da planta que teña asignada.

Deste xeito, excepto os usuarios con perfil BODEGA, poderán seleccionar primeiro a denominación de calidade, os operadores, a pranta, o tipo de libro de rexistro, tipo de viño ou a campaña que queren consultar:



**Xestión libros de rexistro**

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN

Libros de rexistro

Denominación de Calidade:

Operadores:

Seleccione pranta:


Libros de rexistro \*:

Tipo viño produto:

Campaña:

Libro	Produto	Planta	Campaña	Data Autorización	Asentos contables
Non se atoparon resultados					

Se o perfil do usuario é BODEGA, dende o menú de Libros de rexistro, na sección de xestión, pódese acceder ao listaxe dos libros de rexistros dispoñibles na planta seleccionada no combo Planta de traballo do menú superior e seleccionando o tipo de libro co que queremos traballar:



**Xestión libros de rexistro**

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN

Planta de traballo:

Libros de rexistro:

Libro	Produto	Planta	Campaña	Data Autorización	Asentos contables
Entradas y salidas	Viños con DOP	Planta proba asientos	2018-2019	23/01/2019	<input type="button" value="✎"/>
Entradas y salidas	Outros viños e produtos vitivinícolas	Planta proba asientos	2018-2019	23/01/2019	<input type="button" value="✎"/>
Entradas y salidas	Produtos vitivinícolas aromatizados	Planta proba asientos	2018-2019	23/01/2019	<input type="button" value="✎"/>

[Manuales de axuda](#)

Dende esta pantalla é posible acceder aos asentos contables de cada libro mediante a icona da dereita en forma de lapis.

So os usuarios con perfil BODEGA poderán editar ou crear novos rexistros.

### 3.3.3.1.1. Asentos contables de libros de entrada e saída

Accedendo aos asentos contables dun libro de entrada e saída, dispoñeráse de dúas pestanas, unha para os asentos de entrada e outra para os de saída, abrindo por defecto a de asentos de entrada.

Asentos de Entrada / Saída

Pranta : Planta proba asientos

LIBROS DE REGISTRO · XESTIÓN · LISTA ASENTOS

Asentos Entrada
Asentos Saída

**Filtro de asentos**

Tipo de movemento <input type="text" value="Selecciona"/>	Documento comercial <input type="text" value="Selecciona"/>	Cor <input type="text" value="Selecciona"/>	Variedade <input type="text" value="Escolle algun"/>
Produto <input type="text" value="Selecciona"/>	Data dende <input type="text" value="dd/mm/aaaa"/>	ata <input type="text" value="dd/mm/aaaa"/>	Graduación adquirida dende <input type="text" value=""/>
Graduación adquirida ata <input type="text" value=""/>	Graduación total dende <input type="text" value=""/>	Graduación total ata <input type="text" value=""/>	Ano colleita <input type="text" value=""/>
Subzona <input type="text" value="Selecciona"/>	Tipo Viño <input type="text" value="Selecciona"/>		

**Listado asentos**

Accións do asento	Data asento	Tipo movemento	Tipo documento	Procedencia	Zona vitivinícola OCM	Variedades	Produto	Cantidade	Cantidade de uva	Cor	Graduación total	Graduación adquirida	Ano colleita	Subzona	Tipo Viño	Réxime Fiscal	Observacións
	29-11-2019	Compres	Factura-7	Producción propia			Viño	4,00 L		Tinto			2019				
	28-11-2019	Compres	EMCS-2	Producción propia	C Illb		Mosto	3,00 L		Branco	2,00		2019	Soutomaior			
	28-11-2019	Producción propia		Producción propia			Viño	2,00 L		Branco			2019			Suspensivo	

As iconas da segunda columna da táboa de asentos indican o estado no que se atopa a información do asento.

- Asento completo
- Asento incompleto editable
- Asento incompleto non editable

A información dos asentos de entrada e saída poderá ser completada ou editada durante un prazo de 7 días contando dende a data do asento.

Se o usuario crea un asento cuxa data sexa superior a 7 días con respecto a data na que se grava o asento, este gardarase cunha alerta de que o asento se gardou fora de prazo. A pesar disto os asentos terán unha marxe de 24 horas dende a creación para poder seguir editándose.

**Asento creado fora de prazo**

Para engadir un novo asento de entrada, débese premer no botón Engadir asento.

**Novo asento de entrada**

Tipo de movemento \*

Procedencia  Data \*  Zona vitivinícola OCM  Ano colleta

Produto \*  Cor \*  Subzona  Cantidade \*

Graduación adquirida  Graduación total  Tipo Viño

**Variedades**

+	Variedade	Porcentaxe	Accións da variedade

Indicación facultativa

Observacións

Deberase encher os campos obrigatorios como mínimo e premer no botón crear para rexistrar o novo asento.

Na creación dun asento de entrada a selección do tipo de movemento “Compra” fará aparecer novos campos a cubrir:

Tipo de movemento \*  Documento de compra \*  Número documento \*  Orixe da compra

Réxime Fiscal


Do mesmo xeito na creación dun asento de saída a selección do tipo de movemento “Venda” fará aparecer novos campos a cubrir:

Tipo de movemento \*

Documento comercial \*  Código documento \*  Destino da venda  Finalidade


Réxime Fiscal

Calquera rexistro pode ser consultado con posterioridade mediante a icona do ollo situada na columna de Datos. Os rexistros creados fai menos dunha hora poderán ser editados mediante a icona do lapis na mesma columna:



Dende a columna de “Accións do asento” amosaranse varias opcións no despregable, poderase seleccionar a edición dos rexistros creados se fai menos dunha que se crearon ou pasado este tempo a consulta dos rexistros. No caso de ser un asento de entrada poderase crear un asento de saída dende o de entrada e si é un asento de saída poderase ir o asento de orixe, editar o asento de saída ou crear un asento correspondente ó tipo de movemento (embotellado, elaboración, etc).

Exemplo de accións do asento dun asento de entrada:



Exemplo de accións do asento dun asento de saída:



Na visualización dos datos rexistros fai máis dunha hora, os campos non permitirán modificación.

Para os asentos de saída, poderemos crear asentos de outros libros, como de embotellado ou de elaboración.

Na pestana de Asentos Saída listaranse os asentos correspondentes a ese tipo de movemento.

Da mesma forma que no caso dos asentos de entrada, pódese engadir un asento de saída mediante o botón Engadir asento. Estes datos tamén admitirán cambios durante a primeira hora do seu rexistro.

No detalle dun asento, no final da vista amosarase unha táboa cos asentos relacionados, e no caso dos asentos de entrada, poderá crearse un asento de saída asociado.

Observacións

← Atrás
✎ Editar

Asentos asociados

+ Crear asento saída

Data	Movementos	Tipo movementos	
18-03-2019	Saída	Embotellado	
18-03-2019	Saída	Merma	
18-03-2019	Saída	Perda	
18-03-2019	Saída	Perda	
18-03-2019	Saída	Perda	

Se entramos no detalle dun asento, premendo na icona do lapis, amosarase un listado indicando se falta algún campo por cubrir, e ata cando o poderemos editar.

### Asento de entrada

-  Falta a graduación adquirida
-  Falta a procedencia / destino
-  Falta a zona vitícola OCM

-  Datos editables ata o 29-03-2019

Tipo de movemento \*

### 3.3.3.1.2. Asentos contables de libros de embotellado.

Accedendo aos asentos contables dun libro de embotellado, dispoñeráse de dúas pestanas, unha para os asentos de entrada e outra para os de saída, abrindo por defecto a de asentos de entrada.

Asentos de embotellado

Pranta : Planta proba asientos

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN > LISTA ASENTOS

Asentos Entrada
Asentos Saída

**Filtro de asentos**

Tipo de movemento Selecciona	Número lote	Ano colleita	Cor Selecciona
Variedade Escollo algun	Data dende dd/mm/aaaa	ata dd/mm/aaaa	Graduación adquirida dende
Graduación adquirida ata	Graduación absoluta dende	Graduación absoluta ata	

Limpar Buscar

**Listado asentos**

Engadir asento

Accións do asento	Data asento	Designación produto					Tipo movemento	Cantidade (L)	Número botellas	Serie	Referencia precintos		Número lote	Embotellado por encarga	
		Cor	Grao	Graduación Absoluta	Variedades	Ano colleita					Ref. precintos inicio	Ref. precintos fin		Nome embotellador	Enderezo embotellador
	07-11-2019	Tinto				2019	Por encarga	100,00	10			3			
	06-11-2019	Tinto				2019	Por encarga	,50	4						

As iconas da segunda columna da táboa de asentos indican o estado no que se atopa a información do asento.

- Asento completo
- Asento incompleto editable
- Asento incompleto non editable

A información dos asentos de embotellado de entrada e saída poderá ser completada ou editada durante un prazo de 7 días contando dende a data do asento.

Se o usuario crea un asento cuxa data sexa superior a 7 días con respecto a data na que se grava o asento, este gardarase cunha alerta de que o asento se gardou fora de prazo. A pesar disto os asentos terán unha marxe de 24 horas dende a creación para poder seguir editándose.



Para engadir un novo asento de entrada, débese premer no botón Engadir asento.

Novo asento de entrada

Tipo de movemento *	Descripción movemento	Número lote	Data *
Selecciona			dd/mm/aaaa
Serie	Ref. precintos inicio	Ref. precintos fin	Cor *
			Selecciona
Cantidade (L) *	Graduación adquirida	Graduación Absoluta	Orixe da compra
			España
Ano colleita *	Número botellas *	Capacidade botellas	
2019		Selecciona	

Variedades

+	Variedade	Porcentaxe	Accións da variedade
---	-----------	------------	----------------------

Observacións

[← Atrás](#) [Crear](#)

Deberase encher os campos obrigatorios como mínimo e premer no botón crear para rexistrar o novo asento.

O campo *Nome embotellador* só aparecerá no caso de ter seleccionado o valor *Por encarga* no campo *Tipo de movemento*.

Asentos de embotellado

Pranta : Planta proba asientos

LIBROS DE REGISTRO XESTIÓN LISTA ASENTOS NOVO ASENTO DE ENTRADA

Novo asento de entrada

Tipo de movemento *	Descripción movemento	Número lote	Data *
Por encarga			dd/mm/aaaa
Serie	Ref. precintos inicio	Ref. precintos fin	Cor *
			Selecciona
Cantidade (L) *	Graduación adquirida	Graduación Absoluta	Orixe da compra
			España
Ano colleita *	Número botellas *	Capacidade botellas	
2019		Selecciona	

Nome embotellador

Selecciona


No caso de escoller o valor *Outros* no campo *Capacidade*, mostrarase un novo campo *Capacidade (cl)* donde se deberá especificar a capacidade en centilitros que contén a botella:

Capacidade botellas	Capacidade (cl)
Outros	


Na columna de “Accións do asento” amosarase unha icona desplegable, onde se poderá acceder á opción de crear un asento de saída a partir do asento de entrada, ou acceder aos datos do asento de orixe do asento de saída.

Dende as accións do asento de entrada tamén se poderán editar os datos si non se rexistraron fai máis dunha hora ou visualizalos si xa pasou ese tempo. Dende o asento de saída tamén se poderán editar os datos ou visualizalos.

Exemplo de asento de entrada:



Exemplo de asento de saída:



Na visualización dos datos rexistros creados fai máis dunha hora, os campos non permitirán modificación.

Na pestana de Asentos Saída listaranse os asentos correspondentes a ese tipo de movemento.

**Asentos de embudeloado**  
 Planta : Proba  
 Tipo produto : Viños con IXP

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN > LISTA ASENTOS

Asentos Entrada      Asentos Saída

**Filtro de asentos**

Tipo de movemento:   
 Número lote:   
 Ano colleita:   
 Cor:

Data dende:   
 Data ata:   
 Gradución adquirida dende:   
 Gradución adquirida ata:   
 Gradución absoluta dende:   
 Gradución absoluta ata:

Tipo documento comercial:   
 Código documento:

**Listado asentos**

Accións do asento	Data asento	Tipo documento		Cantidade (L)	Número lote	Cor	Réxime Fiscal	Observacións
		Documento comercial	Documento acompañamento (EMCS)					
<input type="button" value="⋮"/>	15-10-2020	Albarán-45654		5,00		Branco		
<input type="button" value="⋮"/>	29-09-2020	Factura-55664		5,00		Branco		

A selección do tipo de movemento “Vendas” fará aparecer novos campos a cubrir:

#### Novo asiento de saída

Tipo de movemento *	Data *	Documento acompañamento (EMCS)
Vendas	dd/mm/aaaa	
Documento comercial *	Código documento *	Destino da venda
Selecciona		España
Número lote	Cantidade (L) *	Cor *
		Selecciona
Observacións		Finalidade
		Vinho
		Réxime Fiscal
		Selecciona

[← Atrás](#)
[➔ Crear](#)

Da mesma forma que no caso dos asentos de entrada, pódese engadir un asiento de saída mediante o botón Engadir asiento. Estes datos tamén admitirán cambios durante a primeira hora do seu rexistro.

Se entramos no detalle dun asiento, premendo na icona do lapis que se encontra no despregable Accións do asiento, amosarase un listado indicando se falta algún campo por cubrir, e ata cando o poderemos editar.

**Asentos de embotellado**

**Pranta : Planta proba asentos**

[🏠](#)
[LIBROS DE REGISTRO](#)
[XESTIÓN](#)
[LISTA ASENTOS](#)
[ASENTO DE EMBOTELLADO](#)

Asiento de entrada


 O número de botellas non é correcto para a cantidade de litros e a capacidade das botellas

### 3.3.3.1.3. Asentos contables de libros de prácticas enolóxicas.

Ao acceder aos asentos dun libro de prácticas enolóxicas teremos unha táboa con todos os asentos así como unha serie de filtros que facilitan a búsqueda.

**Asiento de Prácticas Enolóxicas**

**Planta : Bodega Bahía Software**

[🏠](#)
[LIBROS DE REGISTRO](#)
[XESTIÓN](#)
[LISTA ASENTOS](#)

**Filtro de asentos**


 A operación realizouse correctamente

Produto partida: 
 Produto final: 
 Práctica enolóxica:

Data desde: 
 ata:

[🧼 Limpar](#)
[🔍 Buscar](#)

**Listado asentos**

[📄 Engadir asiento](#)

Datos	Data asiento	Produto de partida					Práctica enolóxica										Produto final				Data de saída	Obs			
		Produto	Identificación envases	Litros utilizados	Graduación total	Graduación adquiñida	Acidez partida	Práctica enolóxica	Produto	Cantidade	Dose (g/l)	Graduación total antes	Graduación total despois	Graduación adquiñida antes	Graduación adquiñida despois	PH	Acidez antes	Acidez despois	Produto	Identificación envases			Litros obtidos	Graduación total	Graduación adquiñida
	14-02-2020	Vinho espumoso	2	2,00	2,00	2,00	Educación de produto	Mosto Concentrado	2,00 L	1.000,00									Vinho	2	2,00	2,00	2,00	05-02-2020	

As iconas da segunda columna da táboa de asentos indican o estado no que se atopa a información do asento.

-  Asento completo
-  Asento incompleto editable
-  Asento incompleto non editable

A información dos asentos de prácticas enolóxicas poderá ser completada ou editada durante un prazo de 7 días contando dende a data do asento.

Se o usuario crea un asento cuxa data sexa superior a 7 días con respecto a data na que se grava o asento, este gardarase cunha alerta de que o asento se gardou fora de prazo. A pesar disto os asentos terán unha marxe de 24 horas dende a creación para poder seguir editándose.

 Asento creado fora de prazo

Se prememos no botón de *Engadir asento*, abrírase a vista co menú para crear un asento de forma manual.

Novo asento de prácticas enolóxicas

Data do rexistro \*  
dd/mm/aaaa

Producto de partida

Producto *	Identificación envases	Litros utilizados *
Selecciona		
Graduación adquirida	Graduación total	Acidez partida

Práctica enolóxica \* Selecciona

Producto *	Cantidad (L) *	Dose (g/l)	Densidade / Grados Brix
Selecciona			

Producto final

Producto *	Identificación envases	Litros obtidos *
Selecciona		
Graduación adquirida final	Graduación total final	

Data de saída  
dd/mm/aaaa

Observacións

[← Atrás](#) [+ Crear](#)

### 3.3.3.1.4. Asentos contables no libro de movementos de produtos para procesos de elaboración de prácticas enolóxicas.

Ao acceder aos asentos dun libro de movementos teremos unha táboa con todos os asentos, poderemos importar novos, ou crealos de forma manual.

Asentos de movemento de produtos

Pranta : Planta proba asientos

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN > LISTA ASENTOS

Asentos Entrada Asentos Saida

Filtro de asentos

Proceso: Selección

Data dende: dd/mm/aaaa

ata: dd/mm/aaaa

Limpar Buscar

Listado asentos

Engadir asento

Accións do asento	Data asento	Destino	Razón social	Dirección	Proceso	Cantidade utilizada	Concentración	Tipo alcohol	Grao	Observacións
	10-06-2019		Operador Proba	Dirección de proba	Sacarosa	1.000.000,50				
	07-06-2019		Operador Proba	234fx	Sacarosa	4,00				scx

As iconas da segunda columna da táboa de asentos indican o estado no que se atopa a información do asento.

- Asento completo
- Asento incompleto editable
- Asento incompleto non editable

A información dos asentos poderá ser completada ou editada durante un prazo de 7 días contando dende a data do asento.

Se o usuario crea un asento cuxa data sexa superior a 7 días con respecto a data na que se grava o asento, este gardarase cunha alerta de que o asento se gardou fora de prazo. A pesar disto os asentos terán unha marxe de 24 horas dende a creación para poder seguir editándose.

Asento creado fora de prazo

No asento de entrada se prememos no botón de *Engadir asento*, abrírase ao seguinte formulario co menú para crear un asento de forma manual. O campo proceso condicionará unha serie de novos campos.

#### Novo asento de entrada

Procedencia

Razón social	Dirección	Data *
<input type="text"/>	<input type="text"/>	dd/mm/aaaa 

Proceso

Entrada (Kg) \*

Observacións

[← Atrás](#) [➕ Crear](#)

No asento de saída se prememos no botón de *Engadir asento*, abrírase ao seguinte formulario co menú para crear un asento de forma manual.

#### Novo asento de saída

Procedencia

Destino	Data *
<input type="text" value="Selecciona"/>	dd/mm/aaaa 

Proceso

Concentración	Volumen entrada (L) *
<input type="text"/>	<input type="text"/>

Observacións

[← Atrás](#) [➕ Crear](#)

### 3.3.3.1.5. Asentos contables no libro de espumosos.

Ao acceder aos asentos dun libro de espumosos teremos unha táboa con todos os asentos e unha serie de filtros para facilitar a busca.

Táboa dos asentos de entrada. Dispoñibles ademais os degüelles asociados á entrada, os produtos finais asociados aos degüelles e os asentos de saída asociados ao produto final.

Asentos de elaboración de espumosos

Planta : Lorem ipsum dolor sit amet, consectetur adipiscing elit, sed do eiusmod tempor incididunt

LIBROS DE REGISTRO > XESTIÓN > LISTA ASENTOS

Filtro de asentos

Número de proceso:  Tipo:  Variedade:  Fecha de tiraxe desde:  ata:

Listado asentos

Accións do asento	Estado	Número proceso	Data tiraxe	Tipo de proceso	Viño base					Licor tiraxe			Segunda fermentación		Observacións	Degüelles	
					Produto	Ano colleita	Variedade	Cantidade (L)	Graduación adquirida	Grad. Alcoólica Total	Observacións	Procedencia	Produto	Cantidade (L)			Grad. Alcoólica Total
		10	13-04-2021	Viño espumoso	Mosto		Brancelao(50%), Caño tinto	50,00									12

Lista de degüelles

Acceso directo	Número proceso	Número degüelle	Data	Cantidade inicial degüelle	Perdas (Litros)	Licor de expedición (Libro)	Licor de expedición (Produto)	Licor de expedición (Cantidade)	Licor de expedición (Graduación total)	Cantidad final	Observacións	Produtos finais
	10.1	23	31-03-2021	0,00	0,00	Entradas y salidas		0,00		0,00		8
	10.13	3311	13-04-2021	50,00	10,00	Procesos de elaboración		10,00	2,00	50,00		1

Lista de produtos finais

Acceso directo	Número de proceso	Data	Designación	Cantidade (Litros)	Número de lote	Grado	Tipo de viño segundo % de azucre	Observacións	Asentos saída
	10.13.1	05-04-2021	Vino espumoso de calidad	50,00	5000DEW	40,00			1

Lista de asentos de saída

Acceso directo	Estado	Número proceso	Data saída	Designación	Número botellas	Número lote	Grado	Número doc. comercial	Cantidade (L)	Observacións
		10.13.1.1	13-04-2021	Vino espumoso de calidad	5.000	5000DEW	10,00		35,00	

	10.14	3311	11-03-2021	0,00	0,00	Movimiento de productos para procesos de elaboración y prácticas enológicas	Mosto Concentrado	0,00	2,00	0,00		0
	10.15	3311	11-03-2021	0,00	0,00	Procesos de elaboración	Licor de tiraje	0,00	2,00	0,00		0

Os botóns e recadros marcados permiten as seguintes funcionalidades:

- 1.- **Filtros** de asentos: permiten filtrar os asentos mostrados no listado segundo os parámetros indicados.
- 2.- **Engadir asento**: redirixe a unha pantalla que permitirá engadir un novo asento de entrada.
- 3.- **Accións do asento**: permite editar ou visualizar se non é editable.
- 4.- **Estado**: indica se o asento está completo ( ), incompleto editable ( ) ou incompleto non editable ( ).
- 5.- Contador de **degüelles** asociados ao asento e despregable que permite visualizar a táboa de degüelles.
- 6.- Acceso directo ao **detalle do degüelle**.


- 7.- Contador de **produtos finais** asociados ao degüelle e despregable que permite visualizar a táboa de produtos.
- 8.- Acceso directo ao **detalle do produto final**.
- 9.- Contador de **asentos de saída** asociados ao produto final e despregable que permite visualizar a táboa de saídas.
- 10.- Acceso directo ao **detalle do asento de saída**.

O usuario dispón dos seguintes prazos para a edición dos asentos espumosos.

- Asento entrada: editable durante 7 días naturais dende a data de tiraxe
- Degüelle: editable durante 7 días naturais dende a data do degüelle
- Produto final: editable durante 7 días naturais dende a data do produto final
- Asento saída: editable durante 7 días naturais dende a data do asento de saída

Se se establece unha data anterior a 7 días dende a data actual estes datos serán editables durante 24 horas dende a creación.

O usuario terá dispoñible o manual específico para as importacións e o rexistro manual dos asentos espumosos a través de 'Libros de rexistro' > 'Xestión'




The screenshot shows a web interface for 'Libros de rexistro'. At the top, there is a dropdown menu with the selected option 'Libros de rexistro de elaboración de espumosos'. To the right of this menu is a blue button labeled 'Importar asentos'. Below the menu is a table with the following columns: 'Libro', 'Produto', 'Planta', 'Campaña', 'Data Autorización', and 'Asentos contables'. The table contains one row with the following data: 'Libros de registro de elaboración de espumosos', 'Planta proba', '2020-2021', '08/01/2021', and a blue pencil icon. Below the table, there is a section titled 'Manuales de axuda' with two buttons: 'Descargar Plantilla' and 'Manual de asentos', the latter of which is highlighted with a red box.

### 3.3.3.1.6. Variedades/porcentaxes para os asentos.

Esta funcionalidade aplica aos asentos de **entrada e saída, embotellado entrada, espumosos entrada e aos produtos de partida e final dos asentos de procesos de elaboración.**


Ao premer no botón  do despregable “Variedades” abrírase unha ventá modal que nos permite introducir variedades e as súas porcentaxes.



Os botóns   aumentan ou reducen o numero de variedades a introducir.

Os combos de variedade deben estar cubertos. Se non é así o botón de aceptar estará desactivado. 

A porcentaxe total entre as variedades actuais da táboa e as que estamos a introducir non pode superar o 100%. Se isto ocorre saltará unha mensaxe de erro.



Se os campos son correctos as variedades pasarán á táboa do despregable ordenadas por porcentaxe de maior a menor.

Variedades			
+	Variedade	Porcentaxe	Accións da variedade
	Mencia	60%	 
	Caíño Branco	20%	 
	Godello	10%	 

As accións da variedade permítennos editar  e eliminar  unha variedade en concreto.

Se se intenta gardar un asento con variedades duplicadas saltará o erro:



### 3.3.3.1.7. Asentos contables de libros de procesos de elaboración

Ao acceder aos asentos dun libro de procesos de elaboración teremos unha táboa con todos os asentos, poderemos importar novos, ou crealos de forma manual.

**Asentos de procesos de elaboración**

Pranta : Planta proba asientos

[LIBROS DE REGISTRO](#) > [XESTIÓN](#) > [LISTA ASENTOS](#)

---

**Filtro de asentos**

Proceso transformación:

Producto de partida:     Producto incorporado:     Producto final:

Variedade Producto de partida:     Variedade Producto incorporado:     Variedade Producto final:

Data rexistro desde:     ata:     Data saída desde:     ata:

---

**Listado asentos**

Accións do asento	Data rexistro	Proceso transformación		Producto de partida							Producto incorporado					
		Data inicio	Proceso	Identificación envases	Producto	Litros utilizados	Graduación	Densidade	Ano colleita	Variedade	Tipo Viño	Producto	Graduación	Densidade	Cantidade engadida	Ano colleita
 	06-11-2019	07-11-2019	Elaboración de viños espumosos gasificados		Mosto	181.295,00	22,00					Outros ingredientes			3	

Un asento pode ter varios produtos incorporados, mostrándose soamente o primeiro na táboa e indicando se posúe máis produtos na columna "Máis produtos incorporados". Por esta razón o filtrado por produto incorporado e por variedade de produto incorporado ten en conta todos os produtos incorporados do asento e non soamente o que aparece na táboa.

As iconas da segunda columna da táboa de asentos indican o estado no que se atopa a información do asento.

-  Asento completo
-  Asento incompleto editable

-  Asento incompleto non editable


